

**ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 26 DE MAIO DE 2014**

En Bergondo, a 26 de maio de 2014 sendo as 17 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, na biblioteca do Centro Sociocultural de A Senra (Concello de Bergondo).

**Asistentes:**

- o D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegoiros de Betanzos e Comarca).
- o Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa das mulleres (Asociación Elas) e da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas). Secretaria da Asociación.
- o D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa sectorial de asociacións xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza).
- o D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva”).
- o D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- o D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- o D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- o Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- o D. Xoan Alvarez Llana en representación da *Mesa do sector institucional* (Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia)
- o D. Carlos Vales Vázquez, en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- o D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- o D. José Luis Fernández Mouriño, Alcalde do Concello de Carral, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*
- Dna. María Núñez Regueiro, Concelleira de Facenda, Emprego e Réxime Interior do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPACE).
- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPANAES).
- D. José Francisco Castro Vilariño, asesor externo da Asociación Mariñas – Betanzos.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- D. Diego Miranda Barrós. Técnico Asociación Mariñas – Betanzos
- D. Miguel Fernández Pardo. Técnico Asociación Mariñas – Betanzos
- Dna. Isabel Eiriz Naveira. Auxiliar Admvo. Asociación Mariñas - Betanzos
- D. Diego López Pedreira. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Consorcio das Mariñas
- Dna. Beatriz Suárez Sánchez. Enxeñeira de Montes. Boleira en prácticas da Universidade de Santiago de Compostela)
- D. Alberto Tarbenero Reboredo. Economista. Alumno en prácticas especialización en Desenvolvemento Local e Emprego impartida pola UNED Madrid.

-----

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

## **1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Apróbase a Acta anterior do 31 de marzo de 2014, coa abstención do representante da Asociación Rabo do Galo, Fernando Bandín, por non estar presente na anterior reunión..

## **1.B. CONSIDERACIÓN SE PROCEDE DE ASUNTOS URXENTES QUE XURDIRON CON POSTERIORIDADE A ESTA CONVOCATORIA.**

Comunícase aos asistentes que este punto será tratado dentro do punto 2 Seguimento Programa LEADER.

## **2.- SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER**

### **2.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS AO PROGRAMA LEADER.**

#### **2.1.1. MICRO DESTILERÍA ARTESANAL L14-41300-29-255**

Con data 02 de abril de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “MICRO DESTILERÍA ARTESANAL”

A entidade promotora do proxecto, VANAGANDR DESTILERÍAS S.L., é unha sociedade que ten como obxecto social principal a destilación, fabricación e comercialización de bebidas alcohólicas. A súa sede social está no Concello de Cambre.

Este proxecto produtivo consiste na creación dunha empresa adicada a destilación de espirituosos de alta calidade e de gama premium, marcas blancas de produción propia, ademais de prestar servizos de destilados e fabricación de licores artesanais a produtores locais que o demanden. Marcas blancas: xinebra, vodka, whisky...

Os investimentos deste proxecto consisten no acondicionamento da nave, equipamento e maquinaria para a elaboración e equipamento oficina. Con este proxecto a entidade promotora adquire o compromiso de creación dun emprego autónomo.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”. Creación de PEMES, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 115.825,21.- € (96.369,81.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 45,66 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 32,83 % (31.638,20.-€) sobre un orzamento elixible de 96.369,81 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

O representante da Asociación Cultura Aberta de Carral, Anxo Ferreiro, pregunta si se fai un seguimento real da utilización do galego, aos proxectos que se lles ten dado 5 puntos na baremación, respondendo o xerente que si, sendo obrigada a web e a publicidade (en galego como mínimo).

#### **2.1.2. AMPLIACIÓN ACTIVIDADE DE DESEÑO REVISTA L14-41300-29-256**

Con data 03 de abril de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “AMPLIACIÓN ACTIVIDADE DE DESEÑO REVISTA L14-41300-29-256”

A entidade promotora do proxecto, MAGUS 18-10 S.L., dedícase ao deseño e distribución dunha revista promocional de servizos fotográficos, restaurantes, comercios, catering, empresas de animación etc. especializada en vodas, sendo os potenciais clientes as mesmas empresas. Tamén dedícase a reportaxes fotográficos de eventos no territorio (vodas, bautizos...).

Este proxecto consiste en dispoñer do equipamento necesario para ofrecer un vídeo de calidade profesional aos clientes en varios formatos de fotograma e cunha ampla gama de melloras operativas que permita exercer un maior control da metraxa durante a filmación e unha mellora na gravación do són.

Investimentos: cámara, flash, paraugas fotográfico, monitor retoque, ordenador fixo e portatil e tarxeta de memoria.

Con este proxecto a entidade promotora non adquire o compromiso de creación.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”. Ampliación de PEMES, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 8.151,60.- € (6.151,60.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 46,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 33,42 % (2.055,86.-€) sobre un orzamento elixible de 6.151,60 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

### **2.1.3. EMPRESA DE OCIO E TEMPO LIBRE NO ENCORO DE BECHE L14-41300-29-257**

Con data 04 de abril de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “CREACIÓN EMPRESA DE OCIO E TEMPO LIBRE NO ENCORO DE BECHE”

A promotora do proxecto é unha muller, Patricia Fernández Babio, que vai impartir cursos de iniciación de kayak e vela lixeira no embalse de Beche (Abegondo).

Os investimostos deste proxecto consisten na adquisición do equipamento e unha furgoneta para o transporte do equipamento.

Con este proxecto a promotora vai crear o seu propio emprego como autónoma.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”. Creación de PEMES, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 33.228,5.- € (27.379.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de puntos 84,83 o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 45% (12.320,55.-€) sobre un orzamento elixible de 27.379 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

#### **2.1.4. AMPLIACIÓN EMPRESA DE COMERCIO AO POR MAIOR DE MADEIRA L14-41100-29-258**

Con data 04 de abril de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “AMPLIACIÓN EMPRESA DE COMERCIO AO POR MAIOR DE MADEIRA”.

O promotor do proxecto é Jose Manuel Maceira Sanmartín, que dedícase á tala e venda de madeira do monte. Con este proxecto o promotor quere ampliar a súa actividade e deste xeito vai contribuír a consolidar a empresa.

Este proxecto consiste na adquisición dunha procesadora forestal con grúa e un cabezal procesador.

Con este proxecto o promotor non adquire o compromiso de creación de emprego.

Ten cabida na medida 411 “Dinamización do sector agrario e forestal”. Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 166.980.- € (138.000.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 59 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda de 39,5% (54.510.-€) sobre un orzamento elixible de 138.000 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

#### **2.1.5. SALÓN DE BELEZA E IMAXE L14-41300-29-259.**

Con data 10 de abril de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “SALÓN DE BELEZA E IMAXE”.

A promotora do proxecto é Lidia García García, que vai crear un salón de beleza e unha perruquería unises en Abegondo.

Os investimentos deste proxecto consisten na adquisición do equipamento e o rótulo.

Con este proxecto a promotora vai crear o seu propio emprego como autónoma.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”. Creación de PEMES, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 5.739,32.- € (4.743,24.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 84,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda de 45% (2.134,46.-€) sobre un orzamento elixible de 4.743,24 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

### **2.1.6. CENTRO DE DÍA E SERVIZOS TIC NO RURAL L14-41300-29-263**

Con data 14 de abril de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “CENTRO DE DÍA E SERVIZOS TIC NO RURAL”.

A entidade promotora do proxecto é a sociedade “MAYORES ATENCIÓN A LA DEPENDENCIA S.L.”, que vai crear un centro de día con servizos tecnolóxicos para o coidado de persoas maiores no Concello de Abegondo .

Os investimentos deste proxecto consisten na adaptación do local e equipamento necesario.

Con este proxecto a promotora adquire o compromiso de creación de dous empregos.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”. Creación de PEMES, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 350.000.- € (289.256.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 97,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda de 45% (130.165,20.-€) sobre un orzamento elixible de 289.256 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

### **2.1.7. AMPLIACIÓN SERRADOIRO EN CARRAL III L14-41300-29-266**

Con data 15 de abril de 2014 tense presentado solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “AMPLIACIÓN SERRADOIRO EN CARRAL III”

O promotor do proxecto, Andrés Seoane Villaverde, quere potenciar a actividade do serradoiro coa adquisición de máis equipamento.

Os investimentos deste proxecto consisten na adquisición dun remolque con grúa e dun tractor con remolque e grua para cargar e transportar madeira no monte, fundamentalmente para uso como biomasa.

Con este proxecto a promotor non adquire o compromiso de creación de emprego..

Ten cabida na medida 411 “Dinamización do sector agrario e forestal”. Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 100.000.- € (82.644,62.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 47 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda de 33,50% (27.685,94.-€) sobre un orzamento elixible de 82.644,62 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

### **2.1.8. CATERING ECOLÓXICO E AULA DE COCIÑA L14-41300-29-267.**

Con data 15 de abril de 2014 tense presentado unha solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “CATERING ECOLÓXICO E AULA DE COCIÑA”.

A entidade promotora do proxecto, LEIRALONGA S.C., quere ampliar a súa actividade de catering ecolóxico coa instalación dun aula de cociña en Carral. Os investimentos deste proxecto consisten na adecuación do local e dotación do equipamento necesario para levar a cabo a actividade.

Con este proxecto a entidade promotora adquire o compromiso de creación de 0,25 empregos.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”. Ampliación de PEMES, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 25.000.- € (20.661,16.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 46,25 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda de 33,13% (6.845,04.-€) sobre un orzamento elixible de 20.661,16 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

### **2.1.9. AMPLIACIÓN CENTRO DE OCIO EN BERGONDO L14-41300-29-268**

Con data 21 de abril de 2014 tense presentado solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “AMPLIACIÓN CENTRO DE OCIO EN BERGONDO”

A entidade promotora do proxecto, PEQUE MONSTERS S.L, quere ampliar a súa actividade para dotar o centro actual dunhas mellores instalacións, polo que van cambiar as fiestras, colocar unha cociña e crear un parque de xogos ao aire libre.

Os investimentos deste proxecto consisten en obra civil e equipamento.

Con este proxecto a entidade promotora adquire o compromiso de creación de emprego equivalente a 0,25 empregos.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”. Ampliación de PEMES, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 19.202,82.- € (15.870,10.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 45,08 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda de 32,54% (5.164,13.-€) sobre un orzamento elixible de 15.870,10 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.



### **2.1.10. NOVO EQUIPO DE ANALISE PARA MELLORAR O VALOR ENGADIDO NA PRODUCCIÓN LÁCTEA L14-41300-29-270**

Con data 24 de abril de 2014 tense presentado solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “NOVO EQUIPO DE ANALISE PARA MELLORAR O VALOR ENGADIDO NA PRODUCCIÓN LÁCTEA”

A entidade promotora do proxecto, LABORATORIO INTERPROFESIONAL GALEGO DE ANÁLISE DO LEITE, quere incorporar un novo equipo máis eficiente para analizar do leite. Os investimentos deste proxecto consisten na adquisición do equipo. Con este proxecto a entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego.

Ten cabida na medida 413 “Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida”. Ampliación de PEMES, do Réxime de Axudas do Programa Leader.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 181.500.- € (150.000.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 51,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda de 35,92% (45.000.-€) sobre un orzamento elixible de 150.000 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

### **2.1.13. ADQUISICIÓN DE MÁQUINA PELADORA E INVERNADOIRO PARA NOVO CULTIVO DE LÚPULO L14-41100-29-271**

Con data 06 de maio de 2014 tense presentado solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “ADQUISICIÓN DE MÁQUINA PELADORA E INVERNADOIRO PARA NOVO CULTIVO DE LÚPULO”

A entidade promotora do proxecto, LÚPULO GALEGO S.L, quere mecanizar a labor de pelado da flor de lúpulo polo que necesita contar cunha máquina específica. Por outra banda pretende instalar un invernadoiro para cultivar planta de lúpulo en viveiro e poder ofertar un novo produto, espárrago de lúpulo.

Os investimentos deste proxecto consisten na adquisición e instalación do invernadoiro e da máquina peladora. Con este proxecto a entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego. Ten cabida na medida 411 “Dinamización do sector agrario e forestal”. Apoio a novas producións.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 18.777,47.- € (15.518,57.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 52,66 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda de 36,33% (5.637,90.-€) sobre un orzamento elixible de 15.518,57 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.



## **2.2. DESISTENCIAS DE SOLICITUDES DE AXUDA DO PROGRAMA LEADER.**

### **2.2.1 EXPEDIENTE “L12-41300-29-0204 COMPLEXO DE RESTAURACIÓN ESPECIALIZADO EN EVENTOS”**

Con data 26 de outubro de 2012 a entidade “COMPLEJO AVADIZ S.L.”solicitou unha axuda do Programa Leader para a creación dun complexo de restauración especializado en eventos no Concello de Betanzos.

Con data 08 de abril de 2014 a entidade anterior presenta a desistencia da solicitude de axuda.

A Xunta Directiva acorda que se proceda ao arquivo do expediente

## **2.3. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER LEADER**

### **2.3.1. AMPLIACIÓN ACTIVIDADES SERRADOIRO DE MADEIRAS EN BETANZOS L12-413-29-174.**

Con data 15 de marzo de 2012, a entidade promotora do proxecto, VISECORSÁ S.L., solicitou unha axuda para unha ampliación de actividades dun serradoiro en Betanzos.

Esta entidade dedícase ao comercio ao por maior de viruta para uso maioritariamente gandeiro.

A empresa quere incrementar as actividades da sociedade coa incorporación da fabricación de viruta e posta en funcionamento dun serradoiro adquirido en maio de 2011. Deste xeito a empresa vaise facer máis autónoma xa que ademais da comercialización actual, vai fabricar o produto e vai repercutir positivamente nos beneficios reducindo custos .

Os investimentos do proxecto consisten na adquisición da maquinaria de fabricación e a caldeira.

A entidade promotora adquire o compromiso de crear o equivalente a dous empregos a xornada completa (UTA: 2), colectivo desfavorecido

Esta iniciativa encaixa na medida 413.- Creación, ampliación e modernización de PEMES

Os investimentos deste proxecto ascenden a 421.214,31-€ (348.111 sen IVE).

Con data 15 de abril de 2014, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 68,66 puntos, correspondéndolle un 44,33 % de axuda do Programa Leader que ascende a 120.000-€.

Este proxecto activarase nun 80% na anualidade 2014 e un 20% na anualidade 2015

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

### **2.3.2. DINAMIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR FORESTAL L12-413-29-190.**

Con data 13 de xaneiro de 2014 a Xunta Directiva autorizou a proposta de resolución de concesión da axuda á entidade “Agroforestal Candal S.L.”, relativa ao expediente “L12-413-29-190 DINAMIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR FORESTAL”

Con data 27 de xaneiro de 2014 a entidade promotora solicitou unha modificación do orzamento que foi autorizado por Agader.

Este proxecto activarase nun 80% na anualidade 2014 e 20% na anualidade 2015.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

**A continuación o Xerente do Programa da conta en relación ao Programa LEADER dunha solicitude de axuda que entrou, con data posterior ao envío da convocatoria e dun informe favorable de AGADER dun expediente en trámite.**

#### **1.B.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS AO PROGRAMA LEADER.**

##### **1.B.1.1 POSTA EN MARCHA DUNHA PLATAFORMA DE TELEFORMACIÓN PARA O IMPULSO DA FORMACIÓN E DO EMPREGO NO GDR L14-41300-29-273**

Con data 16 de maio de 2014 tense presentado a solicitude de axuda do Programa Leader para o proxecto “POSTA EN MARCHA DUNHA PLATAFORMA DE TELEFORMACIÓN PARA O IMPULSO DA FORMACIÓN E DO EMPREGO NO GDR”

A entidade promotora do proxecto, ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO POLÍGONO DE SABÓN. ARTEIXO., é unha entidade sen ánimo de lucro que quere instalar unha plataforma de teleformación de “OPENSOURCE” baseada no código aberto e que permita aumentar a capacidade de atender ao elevado número de peticións de participación nos cursos que están levándose a cabo e deste xeito potenciar á actividade formativa para a adquisición de coñecementos no ámbito do emprego entre toda a poboación do territorio.

Os investimentos deste proxecto consisten na configuración da plataforma, deseño e creación dun espazo web público, adaptación dos ficheiros e dos contidos didácticos.

Esta iniciativa encaixa na medida 413.- Servizos básicos para a economía e a poboación rural. Os investimentos deste proxecto ascenden a 69.696-€ (57.600.-€ sen IVE).

Este proxecto acadou un total de 69 puntos, correspondéndolle un 75,5% % de axuda do Programa Leader que ascende a 52.620,48-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

## **1.B.2. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER LEADER**

### **1. AMPLIACIÓN DE ACTIVIDADES DO CLUB DE TENIS A PEDRALBA (L11-41300-29-0142)**

Con data 16 de decembro de 2011, a entidade promotora do proxecto, CLUB DE TENIS A PEDRALBA, solicitou unha axuda para unha ampliación de actividades do Club.ubicado no Concello de Bergondo no lugar de A Pedralba.

Este proxecto pretende mellorar os servizos existentes de padel, ademais de crear un ximnasio dotando un local do club co equipamento necesario.

Por outra banda quérese equipar un local, propiedade do clube, para adicalo a local social. Este investimento non se admite por considerar que vai ser usado exclusivamente polos asociados.

Esta asociación non conta con persoal contratado. Os propios socios de maneira voluntaria aportan o seu tempo libre para a xestión e contratación dos profesores que imparten as clases (contratación persoal autónomo) e demais tarefas de mantemento.

Nestes intres contan con varias pistas de tenis e de pádel, pero necesitan dispoñer de pistas cubertas para que a xente se anime a participar no inverno de forma máis activa. Por outra banda, o clube non dispón de ximnasio, servizo moi demandado polos cidadáns do territorio.

Investimentos do proxecto: equipamento do ximnasio e instalación de cuberta da pista de pádel..

A entidade promotora adquire o compromiso de crear o equivalente a un emprego por conta allea a xornada completa (UTA: 2), colectivo desfavorecido.

Esta iniciativa encaixa na medida 413.- Creación, ampliación e modernización de PEMES.  
Ampliación de PEMES

Os investimentos deste proxecto ascenden a 149.327,34-€ (89.289,53 sen IVE).

Con data 19 de maio de 2014, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 69,83 puntos, correspondéndolle un 44,92 % de axuda do Programa Leader que ascende a 40.108,86-€.

Este proxecto activarase nun 80% na anualidade 2014 e un 20% na anualidade 2015

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

## **2. CREACIÓN RESTAURANTE DE PRODUCTOS DO TERRITORIO E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS. MESÓN XENTE NO CAMIÑO (L12-41300-29-0198)**

Con data 26 de xuño de 2012, a entidade promotora do proxecto, Briga Edicións S.C., solicitou unha axuda para a creación dun restaurante de produtos do territorio e actividades complementarias.

A entidade promotora do proxecto é a sociedade civil, Briga Edicións S.C. que vai construír un restaurante na casa natal de Alfredo Erias (pintor, historiador e socio da entidade) no lugar de Presedo (Abegondo), lindando co Camiño Inglés de peregrinación a Santiago. Este proxecto vai ir acompañado dun Centro de interpretación da Sociedade Galega Medieval onde o propio Alfredo Erias expoñerá as súas obras gráficas, ademais de esculpir en pedra figuras da Edade Media.

Neste proxecto produtivo de creación dun restaurante, vanse utilizar practicamente na súa totalidade os produtos do territorio Mariñas-Betanzos (pan de Carral, queixo de Abegondo; produtos hortícolas do territorio, mexillóns de Lorbé, viño de Betanzos...). Ademais con este proxecto vaise potenciar o patrimonio cultural do lugar, reforzando o interese do Camiño Inglés.

Investimentos do proxecto: obra civil, equipamento do restaurante, honorarios proxecto e dirección de obra.

A entidade promotora adquire o compromiso de crear o equivalente a un emprego por conta allea a xornada completa, colectivo desfavorecido.

Esta iniciativa encaixa na medida 413.- Creación, ampliación e modernización de PEMES.  
Creación de PEMES

Os investimentos deste proxecto ascenden a 162.384,26-€ (134.533,78 sen IVE).

Con data 19 de maio de 2014, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 84,83 puntos, correspondéndolle un 45 % de axuda do Programa Leader que ascende a 60.540,20-€.

Este proxecto activarase nun 50% na anualidade 2014 e un 50% na anualidade 2015

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

### 3. CONVOCATORIA DE AXUDAS.

#### 3.1. INICIATIVA XOVE 2014

Con data 12 de maio de 2014 tense presentado unha solicitude dentro das axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove 2014. Os obxectivos desta proposta: “A Xuventude decide na Reserva... Espazos naturais a mellorar”, preténdese que os mozos e mozas do territorio coñezan os valores ambientais deste territorio, recentemente declarado Reserva Mundial de Biosfera, e que se promova a súa participación en proxectos ambientais no territorio de Mariñas – Betanzos. Se animará aos mozos e mozas entre 12 e 35 anos, a xogar un papel clave na Reserva, animándoos a participar en actuacións do Plan de Xestión da Reserva.

Por unha banda apoiaranse nas novas tecnoloxías e creárase unha ferramenta web (ambiental), así como deseñar un programa de educación e educación ambiental para os colexios “A Biosfera na Escola” con diversas actividades a ofrecer. Tamén se programarán actividades de formación durante o verán para o avistamento de aves.

A axuda solicitada ascende a 4.000 euros.

#### 3.2. PROGRAMAS DE APOIO AO COOPERATIVISMO: REDE EUSUMO 2014

Con data 12 de maio de 2014 tense presentado unha solicitude dentro das axudas enmarcadas no programa III: apoio ás entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades no marco da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social.

Neste ano 2014 preténdese deseñar un módulo específico de fomento do cooperativismo, que complemente os esforzos da Asociación para fomentar o emprendemento na agroecoloxía e agroindustria, conscientes das oportunidades que se abren nestes sectores para o cooperativismo no novo marco da Reserva da Biosfera.

A axuda solicitada iría dirixida a organización e desenvolvemento de accións formativas e de animación: Xornadas formativas en agroecoloxía; xornadas formativas en agrotransformados. Completaríanse estes módulos de formación con visitas demostrativas a diferentes experiencias cooperativistas do sector agroalimentario.

O orzamento deste proxecto ascende a 6.000 euros, dos a Consellería de Traballo financiaría o 80%.

### **3.3. FINANCIAMENTO BOLSAS ÁS PERSOAS NOVAS PARA REALIZAR PRÁCTICAS NON LABORAIS.**

Con data 5 de maio de 2014 tense presentado unha solicitude dentro das axudas para o financiamento das bolsas ás persoas novas (menores de 25 anos) que realizan prácticas non laborais en empresas da Consellería de Traballo e Benestar. O pérfil solicitado sería un Enxeñeiro de Montes ou forestal, coa intención de que puidese traballar no proxecto de “uso da biomasa con fins enerxéticos”.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O representante da Asociación Cultural Aberta de Carral, Lois A. Ferreiro, pregunta como será o procedemento de selección de bolseiro, respondendo o xerente que pediranse os currículums a través do Servizo Galego de colocación, para posteriormente seleccionar a esta persoa.

Tamén solicita que nos actos públicos, se incorporarán tamén aos programas dos eventos entidades asociativas, e non só a representantes políticos. O xerente resposta que está en marcha un borrador para traer en vindeiras directivas, para acadar un criterio común para todos os actos.

O presidente toma a palabra para comentar que está en marcha a elaboración do novo Plan de Desenvolvemento Rural (2014-2020), e que dende a Asociación de GDR de Galicia estase negociando para manter un nivel de investimento Leader semellante.

Por outra banda, tamén agradece a confianza depositada nel e no Vicepresidente, pola Xunta Directiva nestes dous últimos anos.

Non se producen máis intervencións dándose por rematada a reunión ás 17.45 horas para dar paso á Xunta Directiva Extraordinaria.

En Abegondo, a 26 de maio de 2014

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace Presidencia

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes